

Prezada/o comerciante, como sabes, publicouse o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. A continuación, extracto varios parágrafos e fago varias consideracións.

Artigo 7. Limitación da liberdade de circulación das persoas.

1. Durante a vixencia do estado de alarma **as persoas unicamente** poderán circular polas vías de uso público **para a realización das seguintes actividades:**
 - a. Adquisición de alimentos, produtos farmacéuticos e de primeira necesidade.
 - b. Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
 - c. **Desprazamento ao lugar de traballo para efectuar a prestación laboral, profesional ou empresarial.**
 - d. Retorno ao lugar de residencia habitual.
 - e. Asistencia e cuidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
 - f. Desprazamento a entidades financeiras e de seguros.
 - g. Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
 - h. Calquera outra actividade de análoga natureza que haberá de facerse individualmente, salvo que se acompañe a persoas con discapacidade ou por outra causa xustificada.
2. Igualmente, permitirase a circulación de vehículos particulares polas vías de uso público para a realización das actividades referidas no apartado anterior ou para a repostaxe en gasolineras ou estacións de servizo.
3. En todo caso, en calquera desprazamento deberán respectarse as recomendacións e obrigas ditadas polas autoridades sanitarias.
4. ***O Ministro do Interior poderá acordar o peche á circulación de estradas ou tramos de elas por razóns de saúde pública, seguridade ou fluidez do tráfico ou a restricción nelas do acceso de determinados vehículos polos mesmos motivos.***

Cando as medidas ás que se refiren os parágrafos anteriores se adopten de oficio informarase previamente ás administracións autonómicas que exercen competencias de execución da lexislación do Estado en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial.

As autoridades estatais, autonómicas e locais competentes en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial garantirán a divulgación entre a poboación das medidas que poidan afectar ao tráfico rodado.

TODO O QUE NON ESTEA EXPLICITAMENTE CONTEMPLADO NO ARTICULADO ANTERIOR É DE SUPOÑER QUE NON ESTEA PERMITIDO E NON É ACONSELLABLE REALIZAR INTERPRETACIÓNS EXTENSIVAS E SUBJECTIVAS SENÓN QUEREMOS ENFRONTARNOS A UN PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

Artigo 10. Medidas de contención no ámbito da actividade comercial, equipamentos culturais, establecementos e actividades recreativos, actividades de hostalaría e restauración, e outras adicionais.

1. Suspéndese a apertura ao público dos locais e establecementos minoristas, a excepción dos establecementos comerciais minoristas de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, médicos, ópticas e produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio por internet, telefónico ou correspondencia, tintorerías e lavanderías. **Suspéndese calquer outra actividade ou establecemento que a xuízo da autoridade competente poida supor un risco de contaxio. (OLLO CON ISTO, AO IGUAL QUE NO ANTERIOR ARTIGO ESTÁ SUXEITO A POSTERIOR DESENVOLVEMENTO NORMATIVO OU A DECISIÓNS DA AUTORIDADE COMPETENTE)**
2. A permanencia nos establecementos comerciais cuxa apertura estea permitida deberá ser a estritamente necesaria para que os consumidores poidan realizar a adquisición de alimentos e produtos de primeira necesidade, quedando suspendida a posibilidade de consumo de produtos nos propios establecementos.

En todo caso, evítanse aglomeracións e **controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade de alomenos un metro a fin de evitar posibles contaxios.**

3. Suspéndese a apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos nos que se desenvolve espectáculos públicos, as actividades deportivas e de ocio indicados no anexo do presente real decreto.
4. Suspéndense as actividades de hostalaría e restauración, puidendo prestarse exclusivamente servizos de entrega a domicilio.
5. Suspéndense así mesmo as verbenas, desfiles e festas populares.

SOBRE ESTE ARTIGO ESTÁNSE A XERAR MOITAS DÚBIDAS POLA AMPLIA CASUÍSTICA DO NOSO SECTOR (VARIEDADE DE SUBSECTORES).

É necesario resaltar que este artigo establece a suspensión da apertura ao público, non necesariamente o cese da actividade empresarial.

Isto dependerá das circunstancias de cada empresa. Se a actividade da empresa pode continuar debido as súas peculiaridades hai que poñer en relación este artigo co resto do articulado e coas normas sobre PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E HIXIÉNICO-SANITARIAS QUE SE ESTÁN ESTABLECENDO A RAÍZ DESTA SITUACIÓN.

Convén precisar que existen determinadas actividades comerciais (independentemente da apertura física do establecemento) que si están permitidas e, que a xuízo de cada empresa e, en función da súa oportunidade social/económica/laboral requiren dunha análise interno: (comercio telefónico, internet, etc...)

ACTUACIÓN CON RESPECTO DOS TRABALLADORES E COA CONTINUIDADE NA ACTIVIDADE.

Sobre cómo actuar co anterior, aconsellamos prudencia e sopesar ben a decisión. Non convén precipitarse á hora de darse de baixa en autónomos ou en realizar expedientes de regulación de emprego. Hai socios que nos preguntaron, tamén se existía a posibilidade de obrigar a que os traballadores collesen vacacións. Non se pode obrigar, xa que o estatuto dos traballadores así o determina, no seu artigo 38.2

Debido a que se anunciou polo Goberno da Nación que se van establecer medidas para paliar a situación económica pola que van pasar as empresas, convén agardar a súa publicación. Entendemos que vai ser inminente, o máis seguro é que se acorden no vindeiro Consello de Ministros previsto para o martes. Non sabemos se terán carácter retroactivo (de días, claro está) pero é preferible agardar un pouco; será cuestión de horas ou dun par de días o saber que se vai establecer.

SOLICITUDE DE AXUDAS ÁS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

Por outro lado, quero comentarche que estamos traballando con outras asociacións sectoriais a nivel rexional e estatal coa finalidade de que as administracións públicas establezan as medidas económicas necesarias para paliar a grave situación pola que vai atravesar o noso Sector.

En concreto se van solicitar, entre outras, as seguintes medidas:

- **Prestación por cese de actividade:** É necesario que se axilicen os trámites e se facilite o acceso a esta prestación como se dun traballador normal se tratara. Ten que garantirse ao empresario autónomo que esta prestación sexa operativa e que todos a teñan garantida. Para ilo, débese flexibilizar ao máximo o seu período de carencia e ampliar o prazo de cobertura.
- **Exención do 100% no pago da cota de seguridade social** do empresario autónomo ao menos, durante tres meses, para aqueles empresarios que sigan mantendo a actividade.
- **Prestación do 100% da base reguladora en caso de Incapacidade Temporal** desde o primeiro día en que se estea en dita situación de IT e exención do pago da cota á seguridade social.
- **Axuda económica vital para aqueles empresarios autónomos que no pechen as súas empresas.** É necesario apoiar a aqueles empresarios autónomos que manteñan as súas empresas abertas e a aqueles que ademáis de facelo teñan traballadores. A minoración de vendas, engadida á situación actual provoca unha situación dramática na situación económica dos empresarios do noso sector. Por illo se solicita das administracións que establezan liñas de axudas que contemplan unha subvención a fondo perdido desde o mes de marzo e ata, ao menos, o mes de xuño, ambos inclusive, que axude a amortiguar o descenso de ingresos nas empresas do sector.

- **Equiparación do “estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e a suspensión da apertura ao público de locais e establecementos comerciais” a causa de forza maior.** Precísase unha modificación urxente da normativa laboral coa finalidade de que esta situación se considere causa de forza maior á hora de realizar expedientes de regulación de emprego e acceso á prestación por cese de actividade. É necesario que a normativa sexa clara e non dea lugar a interpretacións a posteriori.
- **Establecemento de axudas para facer fronte ao pago dos alugueres do establecemento.**
- **Exención total do ano en curso do IBI e taxas de lixo e outras no mesmo sentido**
- **Entidades financeiras:** Exención dos intereses de aqueles créditos que teña o comerciante. Non aprazamento, senón exención. Aprazamento, moratoria no prazo do pago da cota de amortización de ditos créditos.

Igualmente, e para cando a situación volva á normalidade é necesario que se implanten medidas que incentiven o consumo no noso sector.

Así mesmo, quero trasladarche que estaremos a túa disposición, como ata agora, e que en caso de que non podamos atenderte físicamente o CCA Estrela de Marín está preparado para atender as necesidades dos comerciantes de forma telemática e así seguir cumprindo coa súa finalidade.

Dado o cambiante da situación, a ampla casuística e dúbidas que a todos nos abordan agora mesmo e á espera dos próximos acontecementos, poñémonos a vosa disposición para intentar axudar no que precisedes.

Saúdos.

Yonathan Carreira Figueiras
Xerente Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín

POSDATA:

As posibles sancións por incumprimento da normativa estarían recollidas, entre outras, polas seguintes disposicións legais:

Lei Orgánica 4/1981, de 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio: <https://www.boe.es/buscar/pdf/1981/BOE-A-1981-12774-consolidado.pdf>

Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública. <https://www.boe.es/boe/dias/2011/10/05/pdfs/BOE-A-2011-15623.pdf>

Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil. <https://www.boe.es/buscar/pdf/2015/BOE-A-2015-7730-consolidado.pdf>

Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadana. <https://www.boe.es/boe/dias/2015/03/31/pdfs/BOE-A-2015-3442.pdf>

Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal. <https://www.boe.es/buscar/pdf/1995/BOE-A-1995-25444-consolidado.pdf>

REAL DECRETO 463/2020, DE 14 DE MARZO, POLO QUE SE DECLARA O ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCACIONADA POLO COVID-19.